



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DA PROMOCIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA DE NOVA CONSTRUCCIÓN.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo (en adiante, IGVS) é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril de creación do IGVS, e pode, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

O artigo 80.2.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, nas materias de "ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais".

As partes asinantes son conscientes das dificultades económicas e sociais da poboación para acceder a unha vivenda e desde o IGVS considérase conveniente facilitar a participación dos concellos na adquisición e promoción de vivendas destinadas a alugueiro social, facilitando que a cidadanía poida dispor dunha vivenda digna e adecuada.

Para os efectos sinalados, formalizouse co Concello de Cerdedo-Cotobade, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o ano 2026 ata o ano 2033.

O presente convenio ten por obxecto definir os termos da colaboración e os compromisos mutuos das partes asinantes, de cara ao financiamento con cargo ao Fondo de cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da promoción de vivenda protexida de nova construción da seguinte actuación: "Adquisición de parcelas para construción de vivendas de promoción pública".





O dito proxecto ten como obxectivos:

o concello pretende acollerse á presente axuda económica para seguir promovendo vivenda pública, concretamente na parroquia de San Xurxo, nuns terreos situados entre os lugares de Calva da Viña, Barbeitos e o lugar da Igrexa.

O IGVS chegará un importe de 87.191,26 €, que será satisfeito con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2025:

Órgano administrativo/entidade	Aplicación orzamentaria	Importe
Instituto Galego da Vivenda e Solo	11.81.451B.821.61	87.191,26 €

O Concello de Cerdedo-Cotobade comprométese a repoñer a cantidade percibida con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 8 anos, contados desde o día seguinte ao da data de formalización do presente convenio, mediante o ingreso dos seguintes importes.

Anualidade 2026: 10.898,91 €

Anualidade 2027: 10.898,91 €

Anualidade 2028: 10.898,91 €

Anualidade 2029: 10.898,91 €

Anualidade 2030: 10.898,91 €

Anualidade 2031: 10.898,91 €

Anualidade 2032: 10.898,91 €

Anualidade 2033: 10.898,89 €





Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela,
A directora técnica de Axudas á Vivenda

Beatriz Villaverde Piñeiro
(Documento asinado electronicamente)

